

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

9029 *Real decreto 695/2018, do 29 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de circulación ferroviaria.*

O Regulamento de circulación ferroviaria, aprobado polo Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, ten por obxecto dispor dunha normativa única que permita unha circulación ferroviaria segura sobre a rede ferroviaria de interese xeral. Neste sentido, o Regulamento adaptou a regulación ao desenvolvemento experimentado polo sector ferroviario e pola tecnoloxía nos últimos anos, e incorporou a normativa europea recente.

O Regulamento requiriu, para a súa aplicación, a adaptación ao seu contido de toda a actividade de explotación, xestión e operación do tráfico ferroviario dos administradores de infraestrutura ferroviaria e das empresas ferroviarias.

O Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, foi modificado polo Real decreto 1011/2017, do 1 de decembro, que realiza modificacións no texto do Regulamento de circulación ferroviaria co fin de lle incorporar determinados aspectos detectados polos administradores de infraestruturas, empresas ferroviarias, centros de formación de persoal ferroviario, sindicatos e particulares, para corrixir, aclarar e completar o seu contido.

Estas modificacións entraban en vigor, en virtude da súa disposición derradeira única, seis meses despois da publicación do Real decreto 1011/2017, do 1 de decembro, é dicir, en xullo de 2018. Porén, considerouse a conveniencia de que as entidades do sector poidan dispor dun prazo adicional para levar a cabo a adaptación dos seus documentos regulamentarios e procedementos internos, así como, de ser o caso, accións de difusión destes.

Adicionalmente, o artigo primeiro do Real decreto 1011/2017, do 1 de decembro, contiña unha modificación da disposición transitoria única do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, que establecía o denominado «apagón do ASFA analóxico» e fixaba o prazo para este. Máis concretamente, o novo punto 8 define as datas límite en que resulta aplicable a «Especificación transitoria 1. Sistema de anuncio de sinais e freada automática (ASFA) analóxico» do libro quinto do Regulamento de circulación ferroviaria, o que obriga a realizar a substitución dos equipamentos embarcados co sistema ASFA analóxicos aínda existentes na rede ferroviaria de interese xeral polos correspondentes equipamentos embarcados con sistema ASFA dixital.

Neste caso, os prazos de subministración dos novos equipamentos embarcados están a ser superiores aos previstos, o que podería producir a inmovilización das circulacións e prexuízos aos servizos.

Coa finalidade de permitir que os administradores de infraestruturas ferroviarias e as empresas ferroviarias poidan finalizar a adaptación dos seus sistemas á nova situación, a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria considerou conveniente promover a ampliación dos prazos contidos na referida disposición transitoria.

Esta modificación regulamentaria atense aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A tramitación do proxecto de real decreto é a única medida posible para conseguir o obxectivo pretendido de manter a regularidade nas circulacións ferroviarias sen establecer novas obrigacións aos operadores ferroviarios. Ao mesmo tempo, esta prórroga facilítalles o seu proceso de adaptación ao novo sistema. Con isto, dáse cumprimento aos principios de eficiencia e proporcionalidade da norma.

A necesidade da norma xustifícase pola prioridade de manter a prestación do servizo sen redución dun número importante de circulacións e dentro dos canons actuais de seguridade, o que acredita o interese xeral da norma. Así mesmo, o proxecto foi sometido ao trámite de información pública do sector afectado e a todos os demais trámites preceptivos para a súa aprobación.

O proxecto de real decreto dítase ao abeiro das competencias recollidas no artigo 149.1.21.^a, 24.^a e 29.^a da Constitución española, que atribúen ao Estado competencia exclusiva en materia de ferrocarrís, transportes terrestres que transcorran por máis dunha comunidade autónoma, de obras públicas de interese xeral e seguridade pública.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xuño de 2018,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación da disposición transitoria única do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de circulación ferroviaria.*

O punto 8 da disposición transitoria única do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de circulación ferroviaria, queda redactado como segue:

«8. A partir do 1 de xaneiro de 2019 nas liñas de largo ibérico e estándar europeo e do 1 de xaneiro de 2020 na rede de largo métrico non se admitirá a circulación baixo o amparo do sistema ASFA analóxico, polo que se deberán substituír os equipamentos embarcados co dito sistema por outros co sistema ASFA dixital. A partir desa última data deixará de ser aplicable a «Especificación transitoria 1. Sistema de anuncio de sinais e freada automática (ASFA) analóxico» do libro quinto do Regulamento de circulación ferroviaria.

Esta obriga de dispor equipamentos embarcados co sistema ASFA dixital non será de aplicación aos vehículos históricos que realicen servizos ferroviarios puntuais de carácter cultural, ou de conservación e difusión do patrimonio histórico, referidos na disposición adicional sexta da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario. Neste caso, as condicións de circulación e a dotación en canto a equipamento e persoal necesarios serán establecidas mediante consigna específica».

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1011/2017, do 1 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de circulación ferroviaria.*

A disposición derradeira única do Real decreto 1011/2017, do 1 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de circulación ferroviaria, queda redactada como segue:

«Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Porén, o anexo I deste real decreto entrará en vigor aos doce meses desa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xuño de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ LUIS ÁBALOS MECO